



Bases do VI Concurso de Carrozas

1ª PARTICIPANTES: Para participar é obrigatorio formar parte dalgún dos Fulións participantes do desfile do día 22 de Febreiro de 2020 e do mesmo xeito realizar o recorrido completo. O percorrido do desfile é obrigatorio, sendo o mesmo que para os Fulións.

2ª OBXECTO: Promover a participación da veciñanza fomentando a creación das tradicionais carrozas, conservando así a nosa tradición, co fin de difundir e poñer en valor o Entroido de Vilariño de Conso.

3ª REQUISITOS: Considérase carroza unha representación dun tema enriba dun remolque e dirixido por un vehículo e un condutor.

4ª PREMIOS: Establécese unha única carroza gañadora que terá un premio de 250,00 euros e ademais tódalas carrozas participantes que cumpran estas bases, só por participar, terán un premio de 70,00 euros.

5ª FALLO: O fallo do xurado producirase durante o mesmo día do desfile, e será comunicado, do mesmo xeito que o concurso de disfraces durante o transcurso da festa. O premio da carroza gañadora entregárase no mesmo momento e o das participantes nos próximos días a cada representante do Fulión.

6ª O XURADO: O Xurado avaliara no intervalo de 1 as 10 puntos os diferentes aspectos para cualificar as carrozas:

- Laboriosidade
- Vestuario
- Orixinalidade
- Tradición
- Si é ou non representación de labores típicas do entorno

As persoas membros do xurado avaliarán as carrozas participantes no desfile dende diferentes puntos do recorrido sen determinar, non haberá un palco de xurado.

A cualificación das distintas modalidades será determinada polo xurado do concurso que estará composto por:

1. **Rosa María Losada Rodríguez** – Concelleira de Cultura do Concello de Vilariño de Conso

2. **Jose Manuel García** – Presentador do Programa “Comer e falar todo é comezar” de Si Radio de Galicia
3. **Felipe Vicente Pérez** – Veciño e empresario de Vilariño de Conso

7ª OBSERVACIÓN: A organización non se fai responsable dos condutores das carrozas ou vehículos que circulen sen permiso de conducir ou que consuman alcohol antes ou durante o traxecto. Polo tanto asume a responsabilidade dito condutor.

As carrozas, remolques e tódolos vehículos que participen en dito desfile, deberán dispor do seguro obrigatorio e a póliza de seguro de danos a terceiros (Responsabilidade Civil).

A Asociación Cultural “XUNTOS POLO FULIÓN”, non se responsabiliza dos danos que ocasionen os vehículos participantes, cuxa responsabilidade será dos representantes e das compañías aseguradoras contratadas por cada propietario de ditos vehículos.

8ª ACEPTACION DAS BASES: A participación neste concurso supón a plena aceptación de todas e cada unha destas bases e do fallo inapelable do xurado, podendo incluso declarar deserto o premio si o estimase oportuno.

¡ANÍMATE E PARTICIPA CON NÓS!

En Vilariño de Conso, 31 de Xaneiro de 2020



A directiva da Asociación ***Xuntos polo Fulión***

NIF: G 32.443.640
OURENSE